



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación inicial de expedientes de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta do Orzamento, reguladora das subvencións nominativas

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2026, adoptou dous acordos de aprobación inicial de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta (46ª) das de execución do orzamento municipal 2024 prorrogado para o 2026, reguladora das subvencións nominativas, coa finalidade de engadir un apartado BIS e un apartado BIS 2, respectivamente.

Por medio do presente expoñense ambos expedientes ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que os interesados que estean lexitimados segundo o disposto no artigo 170.1 do Real decreto legislativo 2/2004, poidan examinalo na Intervención municipal e presentar ante o Pleno municipal, as reclamacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 165, en relación co 169, do Real decreto-ley 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De non presentarse reclamacións contra os expedientes, considerarase que quedan definitivamente aprobados, sen necesidade de acordo posterior.

Cambre, 30 de xuño de 2026

O concelleiro delegado da área de Economía, Facenda,
Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico
P.D. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Ruben Vázquez Pérez

2026/4432